



**Expte nº: 1692/2018**

**Departamento:** Contratación

**Procedemento:** Acondicionamento e mellora de camiños municipais en Saramagoso, O Viso, e as Cabritas, Reboreda, Redondela

**Asunto:** Plan Concellos 2018-2019 (S/ref. 2018051101)

## **MEMORIA XUSTIFICATIVA-INFORME NECESIDADE**

### **ANTECEDENTES**

**Proxecto técnico** redactado, por encargo deste Concello, polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Puig González, colexiado núm. 26.494, que foi asinado o 06/09/2016, sendo modificado en **data 08/10/2018** e aprobado por resolución da alcaldía de data 19/10/2018 e número 2018-2854, que inclúe un **orzamento de 38.216,18 €**, do que resulta un **IVE de 8.025,40 €**, facendo un total de **46.241,58 €**, IVE engadido

Obran no expediente os informes do arquitecto municipal ao proxecto e ao proxecto modificado de datas 17/10/2016, con CV 3Y2ZA6HYT9AJGZRGWYXRWHDHA, e o informe do 19/10/2018, con CV 5DJAYFZM9SLJEN6242PKRKPX3, respectivamente, no que se indica, entre outros, que a obra discorre por camiños de titularidade municipal e que non se precisan autorizacións sectoriais.

Resolución da presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra de data 24/10/2018 pola que se concede unha **subvención** polo importe íntegro do orzamento de execución da obra, ao abeiro do **Plan de obras e servizos (Plan Concellos) 2018-2019** da Deputación Provincial de Pontevedra, cuxas bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 2 do 03.01.2018.

### **NECESIDADE DA OBRA**

Este Concello considera preciso realizar as actuacións de **rehabilitación do pavimento**, que se atopa deteriorado e precisa dun recrecido da capa de rodadura, así como efectuar **melloras de drenaxe** mediante o acondicionamento da rede existente, coa a execución de canaletas-sumidoiro de fundición para a recollida de auga en diversos camiños de titularidade municipal, repartidos en dúas actuacións:

- Actuación 1: lugar de Saramagoso, parroquia de O Viso (camiño Torreiro do Viso e camiño Costa da Peneda)
- Actuación 2: no lugar de As Cabritas, parroquia de Reboreda (camiño Fondo do Canudo e camiño de As Cabritas )

### **CARACTERÍSTICAS**

As actuacións a realizar defínense no **proxecto redactado e asinado electrónicamente con data 08/10/2018** polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Puig González, colexiado núm. 26.494, aprobado por resolución da alcaldía de data 19/10/2018 e número 2018-2854



CONCELLO DE REDONDELA

## PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN

O procedemento de licitación do contrato será o **procedemento aberto simplificado**, no que a adxudicación recaerá na mellor oferta, utilizándose **o prezo e o prazo de garantía da obra** coma criterios de adxudicación, e que se xustifica por razón da contía, xa que o seu valor estimado é inferior aos 2.000.000,00 euros, e porque se establecen dous criterios de adxudicación obxectivos, non avaliábel mediante xuízo de valor, polo que se cumpren as condicións establecidas no artigo 159 da LCSP.

Co fin de garantir a **efectividade do cumprimento os principios de publicidade, transparencia, non discriminación e igualdade** tal como establece a lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público en relación coa subvención que o financia, nesta contratación **non se acude ao procedemento do contrato menor**, segundo dispón a providencia da alcaldía de data 02/11/2018 con CV 99MDHCJMMGRC5WSX7DTR7DGE3.

## IMPORTE

O orzamento base de licitación é de orzamento que ascende a 38.216,18 euros máis IVE (21%) de 8.25,40 € o que fai un total de 46.241,58 euros.

O orzamento de licitación do contrato xustifícase en base ao cadro de medicións, prezos e orzamento do proxecto técnico, redactado e asinado electronicamente en data 08/10/2018 polo enxeñeiro de camiños, canais e portos, Alberto Puig González, colexiado núm. 26.494, e aprobado por resolución da alcaldía de data 19/10/2018 e número 2018-2854.

## INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Que á vista da plantilla de persoal municipal este Concello non conta con persoal suficiente, nin está prevista a súa ampliación a curto prazo, que poida adscribirse á obra sen merma no mantemento da calidade da prestación do servizo público xeral.

## CRITERIOS DE SOLVENCIA

Atendendo ao disposto no artigo 11.5 do Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da LCAP (RXLCAP), non se esixe solvencia.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade esixidos para contratar coa administración neste procedemento será o de finalización do prazo de presentación das proposicións.

## CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

Para a determinación da mellor oferta calidade-prezo, establécense dous criterios de adxudicación obxectivos, que son o prezo e o prazo de garantía da obra, polo que se cumpren as condicións establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), que para o procedemento aberto simplificado que limita a utilización dos criterios suxeitos a xuízo de valor, configurándoos como residuais.

*Documento datado e asinado electronicamente á marxe*